



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Didáctica da lingua estranxeira	Código	652G02032	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Pedagoxía e Didáctica Psicoloxía			
Coordinación	Galán Rodríguez, Noelia María	Correo electrónico	noelia.galan@udc.es	
Profesorado	Galán Rodríguez, Noelia María González Mújico, Flor de Lis	Correo electrónico	noelia.galan@udc.es flor.gonzalez.mujico@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia introdúcense conceptos fundamentais na área da Didáctica da Lingua Estranxeira en Educación Primaria orientando o proceso de ensino e aprendizaxe dende unha perspectiva crítica e reflexiva. Realizarase un achegamento á DLE prestando especial atención á competencia comunicativa e as catro destrezas da lingua. Do mesmo modo, formularase unha revisión dos conceptos fundamentais do uso da lingua inglesa que servirán como ferramenta para o estudante, non só para abordar os contidos propios desta materia, senón tamén para o seu futuro como docentes nun espazo europeo plurilingüe.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.	A46 A48 A51	B10 B25	C1 C2
Expresarse, oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira.	A50	B7 B8 B9 B10 B23 B24	C2 C7
Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes aos estudantes.	A43 A44 A45 A47 A49 A52	B5 B11 B13 B15 B22	C3 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Conceptos básicos sobre o E/A dunha lingua estranxeira	- Terminoloxía específica e definicións. - Factores/elementos que inflúen no proceso de E/A dunha LE - Modelos e pautas de adquisición da Lingua Estranxeira.



2. Normativa sobre o ensino de LE en Educación Primaria	-Lexislación europea, española e galega en torno a aprendizaxe de LE en Educación Primaria.
3. O proceso de E/A dunha LE en Educación Primaria	- Estratexias e técnicas na aula de LE. - Tipos de actividades e modos de comunicación. - Desenvolvemento da comprensión e expresión oral da Lingua Estranxeira. - Desenvolvemento da comprensión e expresión escrita da Lingua Estranxeira - Avaliación na aula de LE: conceptos básicos, tipos e técnicas de corrección.
4. Metodoloxías no E/A de LE	Cambios metodolóxicos ao longo da historia. Principais métodos na LE: - Humanistic Language Teaching - Cooperative Learning - Integrated Skill approaches (TBLT & CBI) - Communicative Language Teaching - Blended Learning AICLE: - Principios - Tríptico da lingua - Exemplos
5. Recursos e propostas didácticas	- Adaptación e creación de materiais para a aula de LE en Educación Primaria. - Uso de recursos TIC. -Experiencias interdisciplinares en Educación Primaria.
6. Uso da Lingua Inglesa	- Contidos xerais do uso da Lingua Inglesa. Nivel B1/B2 Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A43 A44 A45 A49 A51 A52 B10 C2 C8	21	20	41
Presentación oral	A51 B8 B9 B10 B11 B22 B24 C2 C3	4.5	10	14.5
Proba mixta	A47 A51 B10 B23 B25 C2 C7	1.5	25	26.5
Investigación (Proxecto de investigación)	A46 A50 A52 B5 B7 B11 B22 C1 C2 C3	3	15	18
Análise de fontes documentais	A46 A48 B13 B15	0	18	18
Aprendizaxe colaborativa	A50 A51 A52 B5 B7 B15 B23 C2 C3	12	3	15
Estudo de casos	B13 B23 B24 C2 C7	5	0	5
Portafolios do alumno	A48 A51 B9 B10 C2	0	10	10
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é coñecida tamén como "conferencia", "método expositivo", ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, formulando cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Investigación (Proxecto de investigación)	Proceso de ensinanza orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades de carácter práctico a través das que se propoñen situacións que requiren ao alumnado identificar un problema obxecto de estudo, formulalo con precisión, desenvolver os procedementos pertinentes, interpretar os resultados e sacar as conclusións oportunas do traballo realizado. Consistirá na realización dunha proposta de intervención.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise destes. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Presentación oral Portafolios do alumno Investigación (Proxecto de investigación)	Tanto as presentacións orais, coma os traballos ou tarefas realizados ao longo do curso, así como o portafolios poden levar consigo a necesidade de atención personalizada en horario de tutorías.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A50 A51 A52 B5 B7 B15 B23 C2 C3	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo	10
Presentación oral	A51 B8 B9 B10 B11 B22 B24 C2 C3	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, formulando cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.	10
Portafolios do alumno	A48 A51 B9 B10 C2	É unha carpeta ou archivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.	5
Proba mixta	A47 A51 B10 B23 B25 C2 C7	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.	50
Investigación (Proxecto de investigación)	A46 A50 A52 B5 B7 B11 B22 C1 C2 C3	Proceso de ensinanza orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades de carácter práctico a través das que se propoñen situacións que requiren ao alumnado identificar un problema obxecto de estudo, formulalo con precisión, desenvolver os procedementos pertinentes, interpretar os resultados e sacar as conclusións oportunas do traballo realizado. Consistirá na realización dunha proposta de intervención.	25

Observacións avaliación



Modo de avaliación para o alumnado que asiste regularmente.

Para superar a materia na convocatoria ordinaria o alumnado deberá asistir, como mínimo, a un 80% das sesións presenciais. De non ser así, terá que presentarse directamente a convocatoria de xullo.

A avaliación se realizará de acordo cos seguintes criterios e instrumentos:

Criterios de avaliación:

- Verificación do cumprimento dos obxectivos marcados.
- Asimilación dos contidos teóricos e prácticos.
- Valoración dos traballos realizados durante o curso tanto colaborativos como individuais.

Instrumentos de avaliación:

Proba mixta: I.1. Uso da Lingua Inglesa. 1 punto.- I.2. Didáctica da LE. 3 puntos.- I.3. Comprensión e expresión escrita. 1 punto.

I.4. Traballo individual ou grupal. 2.5 puntos.

I.5. Presentación oral. 1 punto.

I.6. Tarefas grupais ou individuais. 1 punto.

I.7. Portafolio (opcional). 0.5 puntos.

A avaliación dos items I.1, I.2 e I.3 realizarase na data programada no calendario académico oficial e é de carácter individual. A avaliación dos items I.4, I.5 e I.6 realizarase na data programada no cronograma ao comezo do curso e se pode facer individualmente ou en grupo (non máis de cinco estudantes).

A avaliación do item I.7 é opcional e é de carácter individual. O portafolio recolle actividades, tarefas e exercicios realizados na aula tanto orais como escritos aos que se deberá engadir un comentario ou reflexión crítica constructiva con respecto a súa aplicación didáctica na aula de Primaria.

Os items 1, 2, 3, 4, 5 e 6 son de obrigado cumprimento. É necesario obter unha cualificación mínima de 5 sobre 10 na proba mixta para aprobar a materia. A obtención dun suspenso implica a repetición de todas as probas na súa totalidade na seguinte convocatoria.

A oportunidade de xullo estará adscrita aos mesmos criterios que a de xuño.

Modo de avaliación para o alumnado que non asiste regularmente

1. Alumnado con dispensa académica:* Aquel que en aplicación da: "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 29 de maio de 2012), se lle recoñeza a condición de estudante a tempo parcial e solicite ao Decano/a a correspondente dispensa académica quedando eximido da obrigatoriedade de asistencia.

2. Alumnado de continuación de estudos (repetidores).

IMPORTANTE: Este alumnado deberá notificar a súa situación á profesora ao comezo das clases e terá que realizar tarefas adicionais. Ademais, deberá estar pendente das tarefas e traballos plantexados e das datas de entrega dos mesmos.

Criterios de avaliación:

- Verificación do cumprimento dos obxectivos marcados.
- Asimilación dos contidos teóricos e prácticos.
- Valoración dos traballos realizados durante el curso tanto colaborativos como individuais.

Instrumentos de avaliación:

A. Proba individual: I.1. Uso da Lingua Inglesa. 1 punto. - I.2. Didáctica da LE. 3 puntos. - I.3. Comprensión e expresión escrita. 1 punto.

B. Traballos e presentación oral: I.4. Traballo individual. 2.5 puntos.- I.5. Presentación oral. 1 punto.- I.6. Tarefas individuais. 1.5 puntos

A avaliación do apartado A (I.1, I.2 e I.3) realizarase na data programada no calendario académico oficial e é de carácter individual. A avaliación do apartado B (I.4, I.5 e I.6) realizarase na data acordada co profesor/a e tamén é de carácter individual. Os items 1, 2, 3, 4, 5 e 6 son de obrigado cumprimento para aprobar a materia. É necesario obter unha cualificación mínima de 5 sobre 10 na proba mixta para aprobar a materia. A obtención dun suspenso implica a repetición de todas as probas na súa totalidade na seguinte convocatoria.

A oportunidade de xullo estará adscrita aos mesmos criterios que a de xuño.

A avaliación adiantada adscribírase aos mesmos criterios que a oportunidade de xullo.

?Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.?

Importante: A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía Principal
Murphy, R. (1994). *English Grammar in Use (with answers)*. CUP. (Cualquier edición).
Complementaria
Beaumont, D. & Granger, C. (1989). *The Heinemann English Grammar*. Heinemann
Bernard, S. (1988). *Vocabulary Builder 1 & 2*. Longman.
Bolton, David & Goodey, Noel (1996): *English Grammar in Steps (with answers)*. London. Richmond Publishing.
Eastwood, J. (1994). *Oxford Practice Grammar (with answers)*. Oxford. Oxford University Press.
Harmer, J. & Rossner, R. (1991). *More than Words*. Longman.
McCarthy, M. & O'Dell, F. (1994). *English Vocabulary in Use*. CUP.
Rudzka, B. (et al) 1981. *The Words you Need*. Macmillan.
Swan, M. (1995): *Practical English Usage*. Oxford. Oxford University Press.
Swan, M. & Walter, C. (1997). *How English Works*. OUP.
Walcyn-Jones, P. (1980). *Test your Vocabulary 1, 2, 3, 4 & 5*. Penguin.
Wellman, G. (1989). *The Heinemann English Wordbuilder*. Heinemann.
Dictionaries
COLLINS COBUILD DICTIONARY. Collins Publishers.
LONGMAN DICTIONARY OF CONTEMPORARY ENGLISH, Longman.
OXFORD SPANISH DICTIONARY, OUP.
PASSWORD, 1980. Ed. SM.
Didáctica
Asher, J. 1981. *Learning Another Language Through Actions: The Complete Teacher's Guidebook*, Sky Oaks Productions, Los Gatos (California).
Byrne, D. (1990): *Teaching oral English*. England. Longman.
Brumfit, Ch.(Ed.). (1992): *Teaching English to Children*, Collins
ELT.
Doff, A. (1988): *Teach English: a training course for teachers: teacher's workbook*. Cambridge. Cambridge University Press.
(1994 impr).
Ellis, R. (1994): *The Study of Second Language Acquisition*. Oxford: OUP.
Genesee, F. (1994): *Educating second language children: the whole child, the whole curriculum, the whole community*. Cambridge [England] New York. Cambridge University Press.
Harmer, J. (1991): *The Practice of English Language Teaching*, Longman.
Kennedy, Ch. & Jarvis, J. 1991. *Ideas and Issues in Primary ELT*, Nelson.
Larsen-Freeman, D. 1986. *Techniques and Principles in Language Teaching*, OUP.
Lazar, G. (1993): *Literature and language teaching: a guide for teachers and trainers*. Cambridge. Cambridge University Press.
Lee, W. R. (1979): *Language teaching games and contests*. W. R. Lee. (2d ed.) Oxford - New York. Oxford University Press.
López de Parra, L., Córdoba Beltrán, M. A., Segura Castro, M. H. y Polanía Muñoz, J. T. (2017). *Desarrollo investigativo en didáctica de la lengua y la literatura (2010-2015)*. *Actualidades Pedagógicas*, (69), 49-79. doi: <http://dx.doi.org/10.19052/ap.3639>
Nunan, D. (2000): *Language teaching methodology : a textbook for teachers*. Edinburgh (UK) Longman.
Parrott, M. (1993): *Tasks for language teachers: a resource book for training and development*. Cambridge. Cambridge University Press.
Richards, Jack C. (1994): *Reflective teaching in second language classrooms*. Jack C. Richards, Charles Lockhart. Cambridge [England] New York, NY, USA. Cambridge University Press.
Richards, Jack C. (2001): *Approaches and methods in language teaching: a description and analysis*. Jack C. Richards, and Theodore S. Rodgers. (2nd ed.). Cambridge. Cambridge University Press.
Sevillano García Mª L. y Martín-Molero, F. (1993): *Estrategias metodológicas en la formación del profesorado*. 1ª ed. Madrid. UNED.
Solano-Flores, G. (2017): *Assessing English Language Learners*. Routledge.
Spratt, M. (1994): *English for teachers: a language development course*. Cambridge. England. New York. Cambridge University Press.
Ur, P. (1996): *A course in language teaching: practice and theory*. Cambridge. Cambridge University Press.
Vez Jeremías, J. M. (2000): *Fundamentos lingüísticos en la enseñanza de lenguas extranjeras*. Barcelona. Ariel.
Vince, M. (2001): *Elementary language practice for spanish students*. Oxford Macmillan.
Wallace, M. J. (1991): *Training foreign language teachers: a reflective approach*. Michael J. Wallace. Cambridge [England] New York. Cambridge University Press.
Zanón Gómez, J. (1993): *Claves para la enseñanza de la lengua extranjera*. Madrid. Ministerio de Educación y Ciencia D.L.
Bibliografía Específica
Storytelling
ELLIS, G. & BREWSTER, J. 1991. *The Storytelling Handbook*, Penguin.
JUNIOR PUFFINS series: cuentos para niños. Penguin.
Songs
DAKIN, J. 1968. *Songs and Rhymes for the Teaching of English*, Longman.
DALE T. GRIFFEE, 1992. *Songs in Action*, Prentice Hall.
GRAHAM, C. 1978. *Jazz Chants for Children*, OUP.
MACMILLAN PUBLISHERS, 1981. *My English Songbook with Rhymes*, Macmillan.
MURPHEY, T. 1992. *Music & Song*, OUP.
Games
ASHWORTH & CLARK, 1992. *Playground Games, Level 2*. Collins
ELT.
GRAHAM, C. 1992. *The Chocolate Cake*, Prentice Hall.
HADFIELD, J., (1984), *Communication Games*, London: Harrap.
JACKSON, P., (1988), *Tricks and Games with Paper*, London: Angus & Robertson.
OXLEY, C. 1993. *Indoor and Outdoor Games*, Scholastic.
RETTETTER, C. & VALLS, N. (1984), *Bonanza: 77 English Language Games for Young Learners*, Longman.
RIXON, Shelagh, (1981), *How to use Games in Language Teaching*, Mcmillan.
RIXON, S., (1983), *Fun and Games*, Macmillan.



Bibliografía complementaria	<p>Web pages:-Verbal tenses/ http://www.englishpage.com/verbpage/verbtenseintro.htmlhttp://www.englishforjapanese.com/exercises/verb%20forms/29%20gerund.htmlhttp://www.autoenglish.org/index.htmlhttp://perso.wanadoo.es/autoenglish/freeexercices.htm(the grammar aquarium)http://www.edufind.com/english/grammar/-English Grammar for Spanishhttp://www.ompersonal.com.ar/omgrammar/indicetematico.htm- Gameshttp://www.learnenglish.org.uk/kids/games/index.asp http://www.tefl.net/esl-lesson-plans/esl-games.htm - Skimming exerciseshttp://web2.uvcs.uvic.ca/elc/studyzone/570/pulp/hemp1.htm-Scanning exerciseshttp://web2.uvcs.uvic.ca/elc/studyzone/570/pulp/hemp2.htm- TEFLhttp://iteslj.org/ http://iteslj.org/t/ppt/http://www.tefl.net/esl-teaching.htmhttp://www.tefl.net/teacher-tips/teacher-taboos.htm - Listeninghttp://www.web-pop.com/flashindex.html- BBC the British Councilhttp://www.teachingenglish.org.uk/http://www.britishcouncil.org/learnenglish-central-grammar-grammar-games-archive.htm-Council of Europe. Common European Framework of Referencehttp://coe.int-Ministerio de Educación. ELP (Portfolio)http://www.mec.es/programas-europeos/docs/resolution.pdfhttp://www.oapee.es/iniciativas/portfolio/portfolios-validados-esp.htmlhttp://www.coe.int/T/DG4/Portfolio/documents/ELPguide_teachertrainers.pdfhttp://www.mec.es/programas-europeos/docs/guia_pel_primaria.pdfhttp://aplicaciones.mec.es/programas-europeos/jsp/plantilla.jsp?id=pel_docs- Unión Europeahttp://europa.eu/pol/educ/index_es.htm- European Profile for LT Educationhttp://ec.europa.eu/education/policies/lang/doc/profilebroch_en.pdf -ESLhttp://en.wikipedia.org/wiki/English_as_a_Second_Languagehttp://esl.about.comhttp://www.eslteachersboard.com/http://www.englishclub.com/vocabulary/english-phonetic-spelling.htm-Cambridge University Presshttp://www.cambridge.org/elt/letstalk/support/default.htm- Dictionaryhttp://dictionary.cambridge.org/-younger-studentshttp://www.youthonline.ca/-classic-short-storieshttp://www.world-english.org-primary-school (profesores de universidades españolas)http://www.bazoypenate.com/- Songshttp://www.isabelperez.com/songs/worldholdon.htm</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Co propósito de contribuir ao desenvolvemento do programa Green Campus para a entrega de traballos recoméndase eliminar o uso de plásticos, escoller a impresión a dobre cara, utilizar papel reciclado e evitar imprimir borradores.- Debe facerse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos profesionais e persoais.En canto a normativa de igualdade e xénero:-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas, etc.)-Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías